



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Expediente de expropiación forzosa das parcelas 6969313NJ6066N0001ID e ídem 12 para proxecto de mellora no saneamento en Cabanas-Pontedeume, I fase*

#### ANUNCIO

#### Pago do importe relativo a determinación do xustiprezo e xuros de demora polo Xurado de Expropiación de Galicia

O Excmo. Concello de Pontedeume, en cumprimento do artigo 48 da Lei de Expropiación Forzosa e 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954, unha vez recibida a Resolución do Xurado Provincial de Expropiación relativa a determinación do xusto prezo das fincas afectadas pola expropiación "MELLORA NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. PONTEDEUME (A CORUÑA)", convoca aos afectados no:

#### Termo municipal de Pontedeume

**Lugar:** Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Pontedeume, r/ Real, 13. CP 15600. Pontedeume

**Data:** 30 de maio de 2022

**Hora:** 12.00

Aos efectos de proceder ao abono da diferenza entre a cantidade pagada polo Concello con motivo da ocupación das fincas, e a resolución sobre xustiprezo dictada polo XEG, así como os xuros de demora devengados.

O pagamento efectuarase polo Pagador deste Concello aos propietarios das fincas cuxa relación figura exposta no taboleiro de anuncios do Concello referido.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que o pagamento farase precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberán identificarse co Documento Nacional de Identidade.

Así mesmo comunícaselle que deberán comparecer ao acto xuntando as escrituras de propiedade das fincas.

No suposto de non comparecer ou non poderse efectuar o pagamento ós titulares, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Documento asinado dixitalmente por don Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 13 de maio de 2022

2022/2742